



CAPITAL HUMANO E INNOVACIÓN


1.1 Xeración de Capital Humano

1.1.1 Magnitudes asociadas ao ensino superior en TIC

En dez anos (1991-2001) o número de universitarios/as do Estado Español medrou de forma exponencial pasando de conformar o 10% da poboación no ano 1991 ao 24% no 2001.

Preto dun 6% dos alumnos/as matriculados en Galiza matricúlanse en Enxeñería informática ou de Telecomunicacións.

Durante o período 1991-2001 o Estado Español sufriu a maior variación en canto ao número de universitarios/as superando no ano 2001 a media europea e mesmo a países como Alemaña ou Francia.



Táboa 1: Evolución do nivel educativo da poboación en 1991 e 2001

Fonte. OCDE ⁽¹⁾

No ámbito estatal o número de alumnos/as matriculados/as en educación universitaria ascendeu a 1.442.000 para o curso 2005-06 segundo as cifras estimadas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

	Cursos			
	1995-96	2000-01	2004-05 ⁽²⁾	2005-06 ⁽³⁾
Duración dos estudos				
Ciclo curto	515.115	579.888	571.329	563.613
Ciclo longo	993.727	975.862	891.568	878.468
Ramas de ensino				
Humanidades	142.708	155.768	134.103	130.962
CC. Sociais e Xurídicas	799.002	765.620	720.072	716.987
CC. Experimentais	125.994	127.094	105.859	102.249
CC. da Saúde	108.564	116.465	116.842	117.504
Técnicas	332.574	390.803	386.021	374.379
Total	1.508.842	1.555.750	1.462.897	1.442.081

(1) Inclúe tamén o alumnado matriculado na modalidade de Ensino a distancia. Non inclúe Doutorado, nin títulos propios da Universidade

(2) Cifras provisionais

(3) Cifras estimadas

Figura 1: Evolución do alumnado matriculado en educación universitaria

Fonte. Ministerio de Educación y Ciencia ⁽²⁾

Atendendo á distribución por sexos obsérvase que se ben na maioría das carreiras universitarias é superior o número de mulleres fronte ao de homes, nas técnicas prodúcese o efecto contrario con tan só un 28% das mulleres matriculadas.




Figura 2: Distribución do alumnado matriculado en Educación Universitaria por especialidade e sexo 2003/04

Fonte. *Ministerio de Educación y Ciencia* ⁽²⁾

En canto a distribución das persoas con estudos científico-técnicos, na seguinte gráfica pódese observar aquelas provincias nas que se presenta unha maior concentración. Esta atópase en Madrid seguida polas de Euskadi e Navarra. Galiza sitúase nos derradeiros postos sendo as provincias de Lugo e Ourense as que menos densidade presentan.




Figura 3: Porcentaxe de persoas con estudos científico-técnicos con respecto á poboación total por provincias (2001)

Fonte. *Obra Social Bancaja* ⁽³⁾

Se realizamos unha agregación dos estudos técnicos, reunindo carreiras os datos de carreiras como Informática, Enxeñerías, Ciencias, Formación Técnica e Industrial e Arquitectura e Construción, os dous lugares onde estes estudos teñen un maior peso son Madrid (27,5%) e o Euskadi (24,6%) e Cataluña co 24,1%. En Galiza apenas acadada o 18%.




Figura 4: Porcentaxe universitarios/as con titulacións técnicas con respecto aos universitarios/as doutras ramas por CCAA (2001)

Fonte. *Obra Social Bancaja* ⁽³⁾

Se facemos unha comparación entre a evolución do número de estudantes en carreiras TIC entre Galiza e o conxunto do Estado Español, obsérvanse tendencias alcistas nos dous casos. No entanto, a porcentaxe de licenciados/as TIC ga legos/as, diminuíu nos últimos anos, aínda que con sinais de recuperación.




Figura 5: Comparación entre o número de estudantes matriculados en carreiras TIC en Galiza e no Estado Español.

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

1.1.2 Oferta e demanda das titulacións TIC en Galiza

1.1.2.1 Estudos universitarios

Neste momento as carreiras asociadas ás TIC ofertadas nas Universidades galegas son as seguintes:

- Enxeñería informática (Universidade de Vigo, Universidade da Coruña)
- Enxeñería de Telecomunicacións (Universidade de Vigo)
- Enxeñería Técnica de Informática de Xestión (Universidade de Vigo, Universidade da Coruña)
- Enxeñería Técnica de Informática de Sistemas (Universidade de Santiago, Universidade da Coruña)
- Enxeñería Técnica de Telecomunicacións (Universidade de Vigo)
- Licenciatura en Comunicación Audiovisual (Universidade da Coruña, Universidade de Vigo e Universidade de Santiago).

En canto a alumnos/as matriculados/as podemos dicir que o número de estudantes de carreiras tecnolóxicas é moito menor que o de carreiras técnicas. Segundo os datos do período 2003-04, en Galiza hai 84.288 estudantes, dos cales só 5.225 están a estudar carreiras asociadas ás TIC que equivale ao 6,20% dos matriculados/as, dos cales algo máis do 70% son homes e algo menos do 30% mulleres.

	Alumnos/as matriculados/as	
Total Alumnos/as	84.288	100%
Enx. Informática	1.137	1,35%
Enx. de Telecomunicacións	1.455	1,73%
Enx. Téc. Informática de Xestión	1.661	1,97%
Enx. Téc. Informática de Sistemas	678	0,80%
Enx. Téc. de Telecomunicacións	100	0,12%
Lic. Comunicación Audiovisual	194	0,24%
Total	5.225	6,20%

Táboa 2: Alumnado matriculado e que finalizou os estudos no Curso 2003-2004 en Galiza

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

Aínda que a día de hoxe a porcentaxe de alumnos/as matriculados en carreiras TIC é relativamente baixa a tendencia é alcista, tal e como podemos comprobar na tendencia que ten, por exemplo, a Universidade da Coruña.




Figura 6: Evolución de matriculados/as nas carreiras TIC na Universidade da Coruña

Fonte. *Elaboración propia a partir de datos da Universidade da Coruña* ⁽⁵⁾

1.1.2.2 Formación Profesional

En canto á Formación Profesional, no caso do curso 2006-07, consta de dous módulos, Administración de Sistemas Informáticos (ZS 14002) e Explotación de Sistemas Informáticos (ZM 14001); dous cursos de educación para adultos, que son Administración de Sistemas Informáticos (DS 14002) e Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (DS 14001), e outros tres cursos, Administración de Sistemas Informáticos (CS 14002), Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (CS 14001) e Explotación de Sistemas Informáticos (CM 14001).

Os sitios onde se realizan cada un destes cursos son os seguintes:

		CURSOS						
Localización		ZS 14002	ZM 14001	DS14002	DS 14001	CS 14002	CS 14001	CM 14001
A Coruña	Carballo			*				
	Cariño	*						
	A Coruña		*					
	Curtis	*	*	*	*	*		
	Ferrol	*	*	*	*	*		
	Negreira			*				
	As Pontes			*				
	Ribeira		*	*				
	Santiago	*	*	*	*	*		
	Zas	*						
Lugo	Foz		*					
	Lugo	*	*	*	*	*		
	Monforte			*			*	
	Monterroso	*						
	Vilalba		*					
	Xové		*					
Ourense	Maceda	*						
	Ourense	*	*	*			*	
	A Rúa	*						
Pontevedra	Cangas			*		*		
	A Estrada			*				
	A Guarda			*				
	Lalín	*						
	Marín	*	*	*				*
	As Neves	*						
	Vigo	*	*	*	*	*		
	Vilagarcía			*				*

Táboa 3: Distribución dos cursos de FP nas distintas provincias galegas
 Fonte. *Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* ⁽⁶⁾